



**CULLEREDO**  
**CONCELLO**  
Conservatorio Profesional de Música

# Programación DIDÁCTICA OPTATIVA INICACIÓN AO JAZZ

Conservatorio Profesional de  
Música de Culleredo

Conservatorio Profesional de Música  
Rúa Andrés Pan Vieiro, nº 30  
15670 O BURGO-CULLEREDO  
Tfno. 981.667798

e-mail: [conservatorio@culleredo.es](mailto:conservatorio@culleredo.es)  
[www.culleredo.es](http://www.culleredo.es)

## INICIACIÓN AO JAZZ

Datos da materia	
Departamento:	Departamento de Composición
Curso:	6º
Grao:	Profesional
Carga lectiva:	1 hora á semana
Materia:	optativa
Especialidade:	Todas

A causa da crisis Covid19 os contidos do curso 2019-2020 foron adaptados a situación de confinamento que vivimos no terceiro trimestre. A consecuencia disto a Consellería de Educación dictou unhas instrucción o 31 de Xullo de 2020, polas que as programacions deben adaptarse segundo os seguintes criterios:

1. **Aprendizaxes imprescindibles que quedaron sen impartir no terceiro trimestre a causa da crisis covid:** Neste caso impartíronse todos os contidos, aínda que para avaliar os da terceira avaliación non se fixo proba escrita senón que avalíase polos traballos semanais.
2. **Avaliación inicial:** Para comprobar o grado de comprensión dos contidos da terceira avaliación fíxose ao inicio do curso aos alumnos de 4º (segundo de armonía) unha proba cos aprendizaxes máis relevantes do curso pasado. Foi un exercicio escrito que constou dun baixo cifrado destinado a detectar carencias debidas á actividade lectiva non presencial. Tendo un resultado similar aos exercicios semanais que fixeron os alumnos no confinamento
3. **Incorporación das aprendizaxes non adquiridas á nova programación:** Non o consideramos necesario, xa que os contidos da terceira avaliación de armonía impartíronse íntegros.
4. **Adaptacións en caso de voltar a actividade lectiva non presencial:** Nese caso impartiremos clase mediante Zoom ou , Google Suite cando esta dispoñible e programaremos as tarefas mediante o grupo de wassap creado ao efecto como xa fixemos o trimestre pasado. Os alumnos terán a obriga de asistir as clases online e de entregar os exercicios e traballos nos prazos previstos.

### Obxectivos<sup>i</sup>

1. Coñecer os fundamentos jazzísticos da harmonía tonal e modal e aplicarlos na práctica instrumental.

2. Coñecer e aplicar de xeito práctico os fundamentos da rítmica do jazz.
3. Coñecer e practicar as formas básicas do jazz.
4. Improvisar melódica, rítmica e harmonicamente.
5. Improvisar mediante o *comping*.
6. Interpretar e improvisar de memoria temas do repertorio de jazz.

### Contidos<sup>1</sup>

- Coñecemento dos cifrados, tríadas e cuatríadas.
- Os modos na tonalidade maior. Escalas.
- Tonalidades prácticas.
- Escalas pentatónicas maiores e as súas inversións.
- Escala pentatónica bIII.
- Relación escala-acorde, análise e práctica.
- Escala mixolidia con notas *blues*.
- Funcións tonais.
- Cadencias combinadas básicas II-V-I.
- Cadencias modais básicas.
- Harmonía modal mixta. Paralelismo maior e menor.
- Corcheas *swing*. Articulación e acentuación da parte débil do compás e da fracción débil da parte do compás.
- Fraseo e articulación: combinación silencio-interpretación no fraseo.
- Inicio e resolución da frase: *a tempo*, anticipada e retardada.
- Desenvolvemento melódico: tensión e repouso, e elementos que os producen. Tensión, clímax e resolución.
- O *blues*: estrutura e tipos.
- As estruturas de 12, 16, 24, 32 compases.
- Práctica da lectura á vista.
- Interpretación e improvisación de temas de repertorio jazzístico.

### Criterios de avaliación<sup>1</sup>

1. Realizar progresións harmónicas tonais, analizando os cifrados e desenvolvendo as tríadas e cuatríadas utilizando os recursos de fraseo e articulación propios do jazz.

*Con este criterio de avaliación valoraranse os coñecementos da harmonía tonal aplicados ao jazz e os coñecementos básicos da rítmica do jazz.*

2. Realizar progresións harmónicas modais, aplicando as escalas respectivas e as notas que se deben evitar, utilizando os recursos de fraseo e articulación propios do jazz.

*Mediante este criterio de avaliación valoraranse os coñecementos da harmonía modal aplicados ao jazz e os coñecementos básicos da rítmica do jazz.*

3. Desenvolver escalas pentatónicas sobre diferentes progresións, tonais e modais, coas súas respectivas inversións.

*Con este criterio valoraranse os coñecementos das escalas pentatónicas e as súas inversións.*

4. Realizar exercicios sobre estruturas de blues clásicas, utilizando a escala pentatónica bIII e a escala mixolidia.

*Mediante este criterio de avaliación valorarase a utilización de diferentes elementos que interveñen na estrutura do blues.*

5. Desenvolver cadencias combinadas II-V-I e cadencias modais básicas sobre diferentes estruturas de 12, 16, 24 e 32 compases aplicando diferentes inicios e resolucións da frase: a tempo, anticipada ou retardada.

*Mediante este criterio de avaliación valorarase a capacidade de organización do fraseo e o coñecemento das diferentes estruturas.*

6. Desenvolver frases sobre estruturas combinando silencio-interpretación a través da utilización de elementos de tensión e repouso e creando momentos de clímax e resolución nelas.

*Con este criterio valorarase o grao de utilización dos recursos adquiridos en canto á articulación, ao fraseo, etc.*

7. Realizar exercicios de lectura á vista coidando a articulación, o fraseo, as dinámicas e o desenvolvemento rítmico.

*Mediante este criterio valoraranse os coñecementos básicos da lectura jazzística.*

8. Improvisar de memoria sobre estruturas diversas e temas sinxelos de repertorio jazzístico.

*Con este criterio valorarase o nivel de asimilación dos recursos adquiridos.*

9. Realizar interpretacións e improvisacións melódicas, rítmicas e harmónicas sobre temas de repertorio jazzístico aplicando todos os elementos estudados de forma gradual.

*Con este criterio valoraranse os coñecementos adquiridos e a súa aplicación dun xeito global.*

## **Procedementos e instrumentos de avaliación**

Nas primeiras sesións de clase poñeranse en marcha mecanismos de avaliación inicial para coñecer o punto de partida dos alumnos respecto dos contidos que se desenvolverán na materia, especialmente no referido á lectura a vista e ós demais contidos teóricos e prácticos previos necesarios para a materia. Será imprescindible o dominio da linguaxe musical e a comprensión do funcionamento da linguaxe tonal e á súa relación coas distintas formas musicais facendo fincapé nos aspectos harmónicos, rítmicos, melódicos ou formais e os recursos interpretativos característicos propios do jazz en canto á articulación, fraseo, sonoridade ou técnicas instrumentais, así como a práctica da lectura á vista e o desenvolvemento da memoria sobre temas de repertorio jazzístico.

No que respecta á medida dos resultados na materia primarase a avaliación continua ou formativa fronte á avaliación sumativa. Ao final de cada período trimestral de docencia adxudicarase aos resultados de cada alumno unha cualificación cuantitativa nunha escala de entre 0 e 10. A cualificación do último trimestre corresponderase coa cualificación final que constará no expediente do alumno como nota xeral da materia.

Ao longo dos trimestres desenvolveranse diferentes actividades avaliáveis, entre as que constan exercicios individuais cos que desenvolver as destrezas persoais relacionadas coas técnicas jazzísticas, exercicios en diversas agrupacións instrumentais e entre as que se poderán incluír participación en audicións ou concertos.

Tendo en conta o perfil eminentemente práctico da materia e os reducidos ratios do noso centro para este nivel, os principais instrumentos de avaliación desenvolveranse a través da valoración das prácticas musicais de aula, tanto individual como en conxunto e a partir das audicións acordadas cos alumnos.

A autoavaliación será un requisito imprescindible para cada alumno. O exercicio de analizar e valorar o grao de implicación, traballo, e resultados fomenta a acomodación de metas e estratexias de aprendizaxe así como a responsabilidade.

## **Criterios de cualificación**

- Terase en conta o grao de aprendizaxe e asimilación dos contidos teóricos, así como a capacidade para a súa posta en práctica.
- Valorarase o nivel de destreza adquirido nas diferentes técnicas relacionadas co jazz postas en práctica na aula.

Na cualificación poñerase en valor o interese e implicación demostrados polo alumno na materia.

## Enfoque metodolóxico

O desenvolvemento da materia será eminentemente práctico, de asimilación no instrumento de coñecementos relacionados cos enfoques estilístico, estético e artístico do jazz. Organizarase en aulas que, segundo o número de alumnos, permitan o traballo en grupos instrumentais. Nas primeiras clases e en sesións alternas poderanse traballar contidos teóricos que faciliten o desenvolvemento da execución instrumental. O traballo con audicións é un recurso que pode permitir achegarse ás estruturas e combinacións das técnicas da especialidade.

A significatividade das aprendizaxes e o carácter constructivista marcarán as dinámicas de aula:

- Aprendizaxes útiles e que guíen a práctica das técnicas jazzísticas.
- O alumno debe construír a súa aprendizaxe.

Nesta liña os alumnos son o centro do proceso de ensino-aprendizaxe, mentres que o docente debe adoptar un perfil de guía e condutor.

Así mesmo a secuencialización e os recursos desenvolveranse de forma flexible e atendendo ás necesidades, peculiaridades e progresos dos alumnos, o cal afectará ao proceso de avaliación continua ou formativa.

## Recursos didácticos

Os principais recursos para o desenvolvemento da materia son o interese dos alumnos, que deben acudir a clase cos seus instrumentos, a excepción dos alumnos da especialidade de piano que utilizarán os do centro.

Utilizaranse á súa vez audicións acordadas cos alumnos.

Non se establece bibliografía obligatoria. Como bibliografía orientativa pode consultarse:

Appleman, R.; Repucci, J. y Berklee faculty. *Get tour band together: bass*. Boston: Berklee press.

Baione, L. y Berklee faculty. *Get tour band together: guitar*. Boston: Berklee press.

Glaser, M.; Rabson, M. y Berklee faculty. *Get tour band together: violin*. Boston: Berklee press.

Lovano, J. *Jazz improvisation: a personal approach with Joe Lovano*. Boston: Berklee press. (DVD)

Monroe, L. *Jazz expressions: a tool box for improvisation*. Boston: Berklee press.

Odgren, J.; Pierce, B. y Berklee faculty. *Get tour band together: alto sax*. Boston: Berklee press.

- Odgren, J.; Pierce, B. y Berklee faculty. *Get tour band together: tenor sax*. Boston: Berklee press.
- Okoshi, T.; Lewis, C. y Berklee faculty. *Get tour band together: trumpet*. Boston: Berklee press.
- Phillips, A. *Improvisation et harmony*. London: EMI Music.
- Saindon, F. y Berklee faculty. *Get tour band together: vibraphone*. Boston: Berklee press.
- Savage, R.; Scheuerell, C. y Berklee faculty. *Get tour band together: drum set*. Boston: Berklee press.
- Schmeling, P.; Hoffmann, R. y Berklee faculty. *Get tour band together: keyboard*. Boston: Berklee press.
- Tomassi, E. *Jazz improvisation: starting out with motivic development*. Boston: Berklee press. (DVD)

### **Procedementos de acceso ao currículo**

Os alumnos que acceden a esta materia son alumnos que promocionan do quinto curso do grao profesional ou ben os alumnos que superan a proba de acceso ao sexto curso, no que se sitúa a materia no currículo. Polo tanto ben no caso dos alumnos que acceden dende o ensino regrado, ben os alumnos que acceden a través da proba de acceso, demostraron haber adquirido os contidos, os coñecementos e as competencias propias de cada especialidade para este nivel.

Tal e como recolle o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, a adaptación das materias a alumnos con necesidades educativas especiais ou específicas non pode afectar aos compoñentes prescriptivos do currículo, polo que as medidas factibles que poderían poñerse en marcha para reforzar as aprendizaxes nestes casos serán medidas de reforzo e apoio educativo.

### **Actividades culturais e promoción das ensinanzas**

A materia está relacionada con gran parte das actividades culturais contidas na Programación Xeral Anual. As diferentes agrupacións instrumentais que se xeren na materia son susceptibles de participar nas diferentes audicións e concertos que se celebran ao longo do curso con algunhas das obras musicais que se traballen: audicións de aula, concertos trimestrais de centro, concertos exprés, concertos didácticos, etc. Ademais os alumnos deberán mostrar especial interese polos concertos desenvolvidos no centro ou fora (saídas programadas) de agrupacións alleas ao centro relacionadas coa improvisación.

## **Procedementos para coordinar, valorar e revisar o desenvolvemento e resultados da programación**

A programación coordinarase coas demais materias do nivel que cursa o alumno. A especialidade instrumental contribuirá a resolver dúbidas específicas sobre as esixencias instrumentais que se deban resolver dende a especialización. Análise axudará na construción e identificación das estruturas musicais a traballar. As materias instrumentais como Coro, Música de Cámara ou Orquestra encontran como punto común o traballo en conxunto. A materia aportará novas formas de entender as construcións musicais, a axilidade técnica, o uso da memoria e a autonomía na lectura, interpretación e comprensión. A improvisación permítelle ao músico obter unha nova visión sobre a expresión musical e a capacidade creativa na interpretación.

O departamento ao que se adscribe a materia encargárase de avaliar os resultados ao final de cada período lectivo. Ao rematar cada trimestre debe valorarse os resultados adquiridos polos alumnos con respecto aos obxectivos establecidos inicialmente. Así mesmo, revisaranse os obxectivos e contidos programados para o trimestre seguinte. Ao final do curso farase un análise dos resultados xerais do curso académico, recollendo nunha breve memoria o número de aprobados e suspensos, as cualificacións por alumnos e a media da promoción, obxectivos e contidos desenvolto e a que nivel, así como calquera outra peculiaridade que sexa proposta polo docente ou solicitada polo xefe do departamento ou pola xefatura de estudos. Estes datos e o seu análise formarán parte da memoria anual do centro.

## **Procedemento para realizar a avaliación interna do departamento**

A avaliación interna do departamento está enmarcada dentro dos procedementos de avaliación do centro. Ao finalizar cada curso o departamento porá en marcha a elaboración da memoria anual na que deberanse ter en conta os datos aportados por cada materia. En base aos datos obtidos analizaranse posibles procedementos de mellora cara ao curso seguinte de forma conxunta que serán propostos ante a xefatura de estudos.

---

<sup>i</sup> Segundo a Orde do 23 de setembro de 2008 pola que se determinan as materias optativas das ensinanza profesional de música establecidas polo Decreto 203/2007, do 27 de setembro.